XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Avda. Fernández Ladreda, 43
36003 PONTEVEDRA

Concello de MORAÑA
(Pontevedra)
14 NOV. 2011
REXISTRO XERAL
ENTRADA Nº 3543

XUNTA DE GALICIA
EDIFICIO ADMINISTRATIVO
PONTEVEDRA
10 NOV 2011
Núm. Rexistro: 150234
SAIDA

Rfª: IN661A2010/6-4
SE/bm

**CONCELLO DE MORAÑA**
**RÚA 1,2 – SANTA LUCIA**
**36660 – M O R A Ñ A**

**XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN**

**ASUNTO:** Exposición ó público Acordo e Proxecto Sectorial. **PARQUE EÓLICO ACIBAL.**

De acordo co artigo 25.3 da Lei 10/95 de Ordenación do Territorio e o artigo 37 da Lei 8/2009 que Regula o Aproveitamento Eólico en Galicia, remítese o **Proxecto Sectorial** da instalación do Parque Eólico Acibal, da cal é o promotor a empresa NORVENTO, S.L., para ser exposto ó público no taboleiro oficial de anuncios dese concello durante o prazo de **TRINTA DÍAS**. Transcorrido o prazo de información pública citado, deberán remitir a esta xefatura territorial tódalas **alegacións** presentadas, así como **certificación** na que se acredite que cumpriu o prescrito e que se realizou o trámite de audiencia ás entidades locais sobre as que incida o proxecto.

Pontevedra, 9 de novembro de 2011

O Xefe do Servizo de Enerxía e Minas,

XUNTA DE GALICIA
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

José Manuel González González

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Avda. Fernández Ladreda, 43
36003 PONTEVEDRA

Concello de MORAÑA
(Pontevedra)
14 NOV. 2011
REXISTRO XERAL
ENTRADA Nº 3544

XUNTA DE GALICIA
EDIFICIO ADMINISTRATIVO
PONTEVEDRA
10 NOV 2011
Núm. Rexistro: 150103
SAIDA

Rfª: IN661A2010/6-4
SE/bm

**CONCELLO DE MORAÑA**
**RÚA 1,2 – SANTA LUCIA**
**36660 – M O R A Ñ A**

## XUSTIFICANTE DE RECEPCIÓN

**ASUNTO:** Estudio impacto/efectos ambientais. **PARQUE EÓLICO ACIBAL.**

A efectos do trámite de información pública, de acordo co artigo 5 do Decreto 442/90, o Decreto 327/91 de "Avaliación de impacto ou efectos ambientais", e a Lei 8/09 pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia, acompañamos **Estudio Ambiental** do parque eólico referenciado, sendo o promotor do mesmo a empresa NORVENTO, S.L..
Transcorrido o prazo de información pública (30 días), deberán remitir a esta delegación **certificado** da súa exposición.

Pontevedra, 9 de novembro de 2011

O Xefe do Servizo de Enerxía e Minas,

XUNTA DE GALICIA
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

José Manuel González González

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Avda. Fernández Ladreda, 43
36003 PONTEVEDRA

Concello de MORAÑA
(Pontevedra)
14 NOV. 2011
REXISTRO XERAL
ENTRADA Nº 3546

XUNTA DE GALICIA
EDIFICIO ADMINISTRATIVO
PONTEVEDRA
10 NOV 2011
Núm. Rexistro: 150024
SAIDA

**Rfª: IN661A2010/6-4**
SE/bm

**CONCELLO DE MORAÑA**
**RÚA 1,2 – SANTA LUCIA**
**36660 – M O R A Ñ A**

**XUSTIFICANTE**
**DE RECEPCIÓN**

**ASUNTO:** Información pública da solicitude para autorización administrativa, declaración de utilidade pública, aprobación do proxecto de execución, proxecto sectorial e estudio ambiental, do **PARQUE EÓLICO ACIBAL.**

De acordo co artigo 18 da Lei de Expropiación forzosa do 16/12/54, remitímoslle **Resolución** desta xefatura territorial, onde consta a relación concreta e individualizada de tódolos interesados, bens e dereitos afectados da instalación que figura no asunto e da que é beneficiaria a empresa NORVENTO, S.L., para ser fixado e exposto ó público no taboleiro oficial de anuncios dese concello durante o prazo regulamentario de **QUINCE DÍAS.**

No caso que se formulen **alegacións,** remitiranas a esta xefatura territorial e darán conta do cumprimento desde trámite sinalando as datas da súa exposición, mediante **certificación,** para poder continua-la tramitación do expediente.

É de significar que esta exposición ó público realízase igualmente para os efectos determinados polo artigo 59.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando os interesados sexan descoñecidos, ignórese o lugar ou o medio de notificación, ou ben, intentada a notificación non se puidese realizar.

Pontevedra, 9 de novembro de 2011

O Xefe do Servizo de Enerxía e Minas,

XUNTA DE GALICIA
XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

José Manuel González González

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Avda. Fernández Ladreda, 43
36003 PONTEVEDRA

Concello de MORAÑA
(Pontevedra)
14 NOV. 2011
REXISTRO XERAL
ENTRADA Nº 3546

**Resolución do 8 de novembro de 2011, da Xefatura Territorial de Pontevedra, polo que se somete a información pública para autorización administrativa, declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación que iso implica, aprobación do proxecto de execución, proxecto sectorial de incidencia supramunicipal da instalación eléctrica, estudio ambiental, e da solicitude de acollida ó réxime especial de produción de enerxía eléctrica das instalacións referidas ó PARQUE EÓLICO ACIBAL (Provincia de Pontevedra - Nº Expte.: IN661A 2010/6-4).**

En cumprimento do disposto na Lei 54/97, do 27 de novembro, do Sector Eléctrico; no Real Decreto 1955/00, do 1 de decembro, polo que se regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica; no Decreto 442/90, do 13 de setembro, de Avaliación do Impacto Ambiental para Galicia; no Real Decreto Lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, modificado pola Lei 6/2010, do 24 de marzo; no Decreto 80/2000, do 23 de marzo. polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal; no Decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial; na Lei 10/95, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia; e na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia; sobre autorización de instalacións eléctricas, sométese a información pública, a solicitude da empresa NORVENTO, S.L., as instalacións que a continuación se describen:

**TÍTULO**: PARQUE EÓLICO ACIBAL
**SOLICITANTE**: NORVENTO, S.L.
**DOMICILIO SOCIAL**: Rúa Ribadeo 2 Entlo. – 27002 Lugo
**CONCELLOS AFECTADOS**: Barro, Moraña e Campo Lameiro
**SUPERFICIE AFECTADA:** 47,77 Ha.

**EMPRAZAMENTO: (Coordenadas poligonais en unidades UTM).**

Coordenadas Afección:

$V_1$ (534.303,00 , 4.710.000,00); $V_2$ (532.000,00 , 4.710.000,00); $V_3$ (532.000,00 , 4.706.000,00); $V_4$ (534.335,70 , 4.706.000,00).

Coordenadas dos aeroxeradores:

$V_1$ (532.936 , 4.708.336); $V_2$ (532.587 , 4.708.846); $V_3$ (533.091 , 4.708.048); $V_4$ (532.725 , 4.708.521).

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Avda. Fernández Ladreda, 43
36003 PONTEVEDRA

## CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DO PARQUE EÓLICO:

- 4 Aeroxeradores, cunha potencia nominal unitaria de 3000 kW
- Potencia total instalada: 12 MW
- Produción neta anual estimada: 33.802 MWh/año
- Orzamento total: 15.412.483,52 euros.

## CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DA INFRAESTRUTURA ELÉCTRICA DE XERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E INTERCONEXIÓN:

- 4 Transformadores de 3.450 kVA, relación de transformación 0,65/20 Kv, en interior do aeroxerador.
- Rede subterránea de interconexión entre as máquinas existentes, a 20 kV.
- Subestación transformadora equipada con transformador de 9-12 MVA, relación de transformación 20/66 kV, aparellaje de medida, protección, telemando, grupo electróxeno e demais equipamento auxiliar.

## OBXECTO DA INFORMACIÓN PÚBLICA:

- Estudio ambiental.
- Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.
- Autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública das instalacións que comprende o proxecto do parque eólico.
  A declaración de utilidade pública levará implícita, de acordo co artigo 54 da Lei 54/97 do 27 de novembro do Sector Eléctrico, a necesidade da urxente ocupación para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos afectados necesarios para o establecemento destas instalacións.
- Declaración da instalación como de réxime especial de produción eléctrica.

## RELACIÓN DE PROPIETARIOS, BENS E DEREITOS AFECTADOS:

A relación concreta e individualizada dos propietarios, bens e dereitos afectados figuran no Anexo que se insire con esta resolución.

O que se fai público para coñecemento xeral e dos propietarios dos predios e demais titulares de dereitos afectados que non chegaron a un acordo coa entidade solicitante, e que figuran na relación do Anexo que se insire con esta resolución, así como ás persoas que sendo titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados fosen omitidos, para que poidan examinar o proxecto e presentalas alegacións que consideren oportunas ó mesmo, nesta Xefatura Territorial sita na Avda. Fernández Ladreda nº 43 de Pontevedra (36003), no **PRAZO DE TRINTA DÍAS**, contados a partir da última publicación desta resolución ou notificación individual.

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE PONTEVEDRA
Xefatura Territorial da Consellería de
Economía e Industria

Avda. Fernández Ladreda, 43
36003 PONTEVEDRA

O prazo de información pública para o proxecto sectorial é de 30 días contado a partir da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia. O proxecto sectorial poderase examinar nesta Xefatura Territorial e nos concellos de Barro, Moraña e Campo Lameiro.

Así mesmo, o estudio ambiental correspondente as instalacións do parque eólico poderanse examinar nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en Pontevedra, concellos de Barro, Moraña e Campo Lameiro, e nesta Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Pontevedra, podendo presentarse ante a mesma cantas alegacións se consideren dentro do mesmo prazo sinalado no parágrafo anterior.

Rematado dito prazo, o expediente, xunto coas alegacións recibidas, remitiranse á Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Esta publicación faise igualmente para os efectos determinados polo artigo 59.4 da Lei 30/92 do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cando os interesados sexan descoñecidos, se ignore o lugar ou o medio de notificación, ou ben, intentada a notificación non se puidese realizar.

Pontevedra, 8 de novembro de 2011

O XEFE TERRITORIAL,

Ignacio Rial Santomé

## A N E X O: RELACIÓN DE PROPIETARIOS, BENS E DEREITOS AFECTADOS

| N | PROPIETARIO | | | | | PARCELA | | | | | | | AFECCIÓNS (m²) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | APELIDOS E NOME | DIRECCIÓN | | | | DATOS CATASTRAIS | | | PARAXE | CULTIVO | PART. | PLENO DOMINIO | | SERVIDUMES DE PASO | | SERVIDUME DE VOO | OUTRAS AFECCIÓNS | |
| | | VÍA PARROQUIA | CONCELLO | C.P. | PROVINCIA | CONCELLO | POL | PARC. | | | | PLAT. | SUB. | VIAL | GABIA | | PROT. EÓLICA | OC. TEMP. |
| 1 | MVMC DE ACIBAL DE REBÓN | REBÓN S/N REBÓN | MORAÑA | 36669 | PONTEVEDRA | MORAÑA | 45 | 1177 | CARDES | MATORRAL | 1 | 11.227 | 4.500 | 40.945 | 974 | 29.048 | 121.391 | 3.765 |
| | | | | | | | 45 | 1192 | CARDES | MATORRAL | | | | | | | | |
| 2 | MVMC DE AMIL | AMIL S/N AMIL | MORAÑA | 36669 | PONTEVEDRA | MORAÑA | 45 | 1177 | CARDES | MATORRAL | 1 | 478 | | 15.264 | | | | |
| | | | | | | | 45 | 1192 | CARDES | MATORRAL | | | | | | | | |
| | | | | | | | 45 | 1193 | MONTE ACIBAL | MATORRAL | | | | | | | | |
| | | | | | | | 45 | 1189 | CARDES | MATORRAL | | | | | | | | |
| 3 | MVMC DE PERDECANAI | PERDECANAI S/N PERDECANAI | BARRO | 36194 | PONTEVEDRA | BARRO | 2 | 610 | AUROSA | MONTE ALTO | 1 | | | 2.907 | | | | |
| 4 | MVMC DE FRAGAS | MULLERBOA S/N FRAGAS | CAMPO LAMEIRO | | PONTEVEDRA | CAMPO LAMEIRO | 30 | 699 | MULLERBOA | IMPRODUCTIVO | 1 | | | | | | | 8.690 |

## AFECCIÓNS A PERMISOS DE INVESTIGACIÓN E CONCESIÓNS MINEIRAS

| N | AREA AFECTADA | NOME (EMPRESA) | DIRECCIÓN | PARCELA | | | | AFECCIÓNS (m²) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | DATOS CATASTRAIS | | | | PLENO DOMINIO | | SERVIDUMES DE PASO | | SERVIDUME DE VOO | OTRAS AFECCIÓNS | |
| | | | | CONCELLO | POL | PARC. | PARAXE | PLAT. | SUB. | VIAL | GABIA | | PROT. EÓLICA | OC. TEMP. |
| 1 | CALDELAS NORTE Nº 3.117 | LUANCAR ENERGY S.L. | C/ COVADONGA Nº 7 - BAIXO - CP 36600 - VILAGARCÍA DE AROUSA - PONTEVEDRA | MORAÑA | 45 | 1177 | CARDES | 11.227 | 4.500 | 40.945 | 974 | 29.048 | 121.391 | 3.765 |
| | | | | | 45 | 1192 | CARDES | | | | | | | |
| 2 | CALDELAS NORTE Nº 3.117 | LUANCAR ENERGY S.L. | C/ COVADONGA Nº 7 - BAIXO - CP 36600 - VILAGARCÍA DE AROUSA - PONTEVEDRA | MORAÑA | 45 | 1177 | CARDES | 478 | | 15.264 | | | | |
| | | | | | 45 | 1192 | CARDES | | | | | | | |
| | | | | | 45 | 1193 | MONTE ACIBAL | | | | | | | |
| | | | | | 45 | 1189 | CARDES | | | | | | | |
| 3 | CALDELAS NORTE Nº 3.117 | LUANCAR ENERGY S.L. | C/ COVADONGA Nº 7 - BAIXO - CP 36600 - VILAGARCÍA DE AROUSA - PONTEVEDRA | BARRO | 2 | 610 | AUROSA | | | 2.907 | | | | |
| 4 | CALDELAS NORTE Nº 3.117 | LUANCAR ENERGY S.L. | C/ COVADONGA Nº 7 - BAIXO - CP 36600 - VILAGARCÍA DE AROUSA - PONTEVEDRA | CAMPO LAMEIRO | 30 | 699 | MULLERBOA | | | | | | | 8.690 |

XUNTA DE GALICIA * XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA * DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA